

a MEMORIA limita ao NORTE

“Tratar de comprender unha vida como unha serie única de acontecementos sucesivos sen outro vencello que a asociación cun “suxeito” cuxa continuidade non radica máis ca na permanencia dun nome propio, é case tan absurdo como intentar explicar o traxecto dun metro sen tomar en conta a estrutura da rede, isto é, sen considerar a matriz das relacións obxectivas entre as diferentes estacións”.

(Pierre Bourdieu, *A ilusión biográfica*)

Victoriano Taibo. Don Victoriano. Un nome propio. “Poeta de raza, delicado y recio a un tiempo”, leo nun obituario. Naceu en Santiago de Compostela, en 1885. Un 22 de abril, talvez un 25, tamén con be, para nos entender. Mestre. Depurado, sóbeno despois. *Da Agra aberta, contos e lëndas*. Galeguista das Irmandades da Fala. Académico. *Rosalía de Castro, precursora da fala*. Colaborador de *Abrente*. Poeta, insisto, ao xeito de Cabanillas. Algo lle lin a Carballo Calero. *Da vella roseira*. Morreu en Vigo en 1966. Cadrou en marzo, trece. Non quero roubarlle importancia, pero o contorno está claro. O que se procura é outra cousa. Unha temperatura. O espesor. Outra dimensión. O que fumaba, o xeito de falar, os hábitos se acaso. O tacto. As anécdotas, que son os puntos de fuga da biografía. As aporías do relato, porque o relato é miope. Como os mapas. Quen era Victoriano Taibo? Como era? Unha voz. Reconstruír unha voz. O que non está nas fotografías haino que inventar. E na demanda, un xornalista. É curioso. Aos xornalistas, que somos profesionais do sentido común na acepción máis reaccionaria, que somos operarios do consenso, arxinas do real, convócasenos para oficiar a maior das ficcións.

Un apaña no que hai, e o que hai é memoria. Severino Chamadoira ten agora 85 anos, dous máis que Manolo, o seu irmán, e Luís Gonda abeira os 77. Faraos a finais de mes. Dos alumnos de Taibo, a canda os Rotilios, que veñen da emigración un verán si e outro non, son os únicos que viven. Nin o Pepe nin o Rosendo nin o Serafín Gonda, que morreu hai unha porción de anos. Están eles os tres e está tamén Pepe, José Cacho, pero a el, teño que confesalo, non lle sei a idade. Esquecín preguntarllo. Viña cun amigo, un home do seu tempo, ano arriba, ano abaixo, ao que de rapaz non o deixaban entrar na escola por causa da súa confesión relixiosa. Era de familia



[José Luis Alonso]


► Severino Chamadoira

protestante, e eu sempre quixen saber como eran de verdade os personaxes das novelas que escribiu Xavier Alcalá sobre a comunidade evanxélica. O espesor, outra vez. Tíñao diante. O tacto distraeume. Con todo, tanto ten. Calculo que andará entre os 77 de Gonda e os 85 de Severino. Pouco importa. Para o caso, son cativos todos. Viñeron falar de papaventos. De memoria.

...Cristóbal Colón en el primer viaje descubrió la isla de Guanahani, que llamó de San Salvador; en el segundo las Antillas y Jamaica; en el tercero un continente; en el cuarto viaje descubrió América central y buscó infructuosamente un paso para las Indias...

Cando Victoriano Taibo chegou a Morgadáns, Severino debía ter seis ou sete anos e aprendía o que había que aprender con Luís Bastóns. Agora pronuncia o nome do seu primeiro mestre como se pronuncian as cousas en Gondomar, o seseo a alancar cara a Portugal, e no xeito de armar a frase deixa esvarar os afectos. Don Luís Bastóns non era Don Victoriano. Taibo era outra cousa e Morgadáns tamén. Había, disque, vinte e sete muíños na parroquia, cinco de xofre e vinte e dous de fariña. Na altura, amais do

[José Luís Alonso]




▶ José Cachó

serradoiro de auga, funcionaban medio cento de teares e as mulleres ían vender os panos de liño na Praza da Pedra. Vigo estaba lonxe, máis lonxe aínda. Había coches de liña, un á mañá e outro á noite, pero as mulleres ían a pé pola gándara de Vincios. Coa uva era distinto. O albariño que colleitaban onde agora os eucaliptos chaman polas lapas levábano en carros os bois até a estación do ferrocarril na cidade para llelo vender aos de fóra e apañar uns cartiños. Na parroquia disque nin o probaban.

Na memoria, a precisión ten unha importancia relativa. Talvez cando Victoriano Taibo chegou a Morgadáns xa non se moese xofre para sulfatar as viñas nin as rapazas fosen vender o xénero a pé, pero así é como o recorda Severino. A letra impresa di que o

[José Luís Alonso]



mestre compostelán veu para o Val Miñor en abril de 1930, seis anos antes da guerra, e se cadra ao tempo xa os camións deixaran de andar a leña. O que non se moveu do sitio foi a escola. Está xusto onde estaba, no lugar de Gonda, ao pé da estrada, en Morgadáns, á esquerda se vés de San Roque. Xa non hai bancos nin tinteiros nin cerdeira, e no piso de arriba, no canto de Victoriano Taibo e Carmen Rebollar, a súa dona, vive a familia de Chelo Cao. No baixo, onde enredaban os Chamadoiras, o Cacho, o Lito Rial e mais o Joaquín de Tomás, que viña da parroquia de Vilas, coma o Manolo, non hai ruído ningún. O único que vexo a través dos cristais é o que invocan os recordos de Severino.

*...Miño, Duero, Tajo, Guadiana y
Guadalquivir desembocan en el océano Atlántico.
Ebro, Júcar y Segura, en el mar Mediterráneo.
España limita al norte con el mar Cantábrico...*

“Eramos como sesenta e tantos, cada un do seu tempo, pero el atendíanos a todos”, recorda o maior dos irmáns mentres aperta entre as mans un vello caderno. “Ás veces mandaba baixar á muller para que tivese conta dos máis nenos e poderse el centrar co resto. Nin no recreo nos deixaba soltos. Aos pequenos si, pero aos que xa eramos grandes facíanos xogos e ximnasia”. Na altura, Taibo ocupábase dos rapaces e Dona Carmen Valverde, apenas cunha enciclopedia e moita vontade, como a recorda aos seus 87 anos Clotilde Moreira, termaba das nenas e das mozas na outra escola da parroquia. Cando lle ían, claro, que non era sempre. A asistencia era pouca na época.

Algúns, como Luís Gonda, tíñanlle medo aos capóns do mestre e non querían volver á escola. “Eran outros tempos”, concede, pero non lle faltaba razón ao cativo. Taibo tiña xenio. Que llo pregunten a Cachó se non, que probou arreo os lostregazos que o mestre repartía co vimbio por unha falcatuada da que o acusaran, asegura, inxustamente. Ou a aqueloutro rapaz que querendo esquivar un lapote acabou coa plumilla cravada na man e o mestre a berrar desesperado pola súa dona e un pouco de iodo para curar a ferida do rebelde. Pero había razóns máis importantes para non ir á clase. “Ás



[José Luis Alonso]

► Clotilde Moreira

doce había que estar na casa para xantar cedo e ir carretar cestas de esterco toda a tarde”, recorda Manolo, o pequeno dos Chamadoiras, e “calquera cousa era motivo para non asistir”, engade Clotilde. “Porque había que ir coa vaca, por levar ás ovellas, porque non tiñan pantalón, porque non había que calzar... Don Victoriano enfadábase moitísimo”.


Moi recto pero eficaz. Dedicado ao seu oficio. Así o recordan os alumnos. Era estrito e tiña un carácter forte, sobre todo cando enfermaba. “Padecía de cólico renal”, explica Clotilde, “e cando lle daba non o podías molestar. Sabíámolo todos: nada de xogar pola casa. Pechábase na habitación e poñíase insoportable. Sufríase moito daquela. Non había os calmantes que hai hoxe”. Por iso ía tomar as augas ao balneario de Verín e o resto do ano coidaba o dente. Era de bo comer pero tiña que se conformar acotío cun caldo lixeiro, sen graxa, e peixe branco. Pouco madrugador, disque por causa de que padecía do estómago, deixaba que Carmen abrise a escola a primeira hora. De alí a pouco baixaba da casa, que estaba no primeiro piso, pousaba na mesa o seu exemplar de *El Pueblo Gallego* e empezaba a clase. Luís recórdao enleando cigarros de picadura ou tirando dun mataquintos, “o que había daquela”, case sempre dentro porque se saía fóra os rapaces perdían o sentido. As leccións, en galego. Case nunca en *castellano*, porfía Severino, malia que a memoria e Clotilde e a guerra digan por veces o contrario. Un pouco de aritmética, algo de xeografía,

unha miga de literatura. Rosalía, claro, e Valle Inclán.

...Don Ramón, con esa barba de chivo, gruñón, parece un viejo dios altanero y esquivo...

Un mestre, calcúlalle Severino, debía cobrar uns 28 pesos mensuais na época, non moito, e na casa eran catro, eles os dous e mais os fillos, Yoya e Fuco. Non sobraba nada. Os veciños dábanlle algo de froita e compartían con eles o que daba de si a matanza. En particular, a Don Victoriano gorentábanlle as béveras, sobre todo as que daba a figueira do pai de Gonda, moi amigo seu. Cando era tempo, preguntáballe ao fillo: Xa valen as béveras, Luís? E se valían, o pequeno leváballe unha presada delas á escola e Taibo tan agradecido. Non tiña cabalo nin porco nin galiñas, pero tiña unha horta pequena a carón da casa. Nuns retallos de terreo que eran da Tía Rosa da Capilla colleitaban pementos, algún tomate, chícharos e tirabeques. Pouca cousa. O matrimonio miraba pola horta e o mestre aproveitaba para explicarlles aos cativos como cumpría sementar a terra. Gabábase do ben que se lle daba e convidaba a todo o mundo para que llela fose ver.

Algunha excursión fixeron. Os máis novos non o recordan, pero os Chamadoiras si. Din que o camiño de Santiago pasaba pola comarca e que os peregrinos facían noite por alí, e que por iso hai en San Roque un barrio que lle chaman A Pousa, de pousada. Durmían, e logo á mañá reuníanse cos que viñan por outro itinerario en



[José Luis Alonso]

► Manuel Chamadoira

[José Luis Alonso]



▶ Rosa Rial

Parada de Miñor. O caso é que se hai camiño hai igrexa, e disque no alto que lle chaman agora da capilla había efectivamente unha capela. Don Victoriano quería saber. E por iso unha vez, un domingo, mandou a un grupo de alumnos coller uns sachos e ir canda el. Subiron ao alto e púxoos a cavar. Quería atopar os cimentos da capela de San Martiño, algún indicio que demostrase a lenda. Logo de moito sachar só atoparon anacos de tella.

Non todo eran ditados e álgebra en Gonda. Na escola tamén se xogaba, dentro e fóra. Na rúa, que é como se lle chama agora ao camiño que pasa por diante da casa, xogaban á pelota, que é como se lle dicía na época a un calcetín empreñado con lá de ovella. “Xogabamos descalzos, e como alí hai moita pedra que sae para arriba, iamos de volta á clase coas dedas cheas de sangue. Don Victoriano mandábanos lavar os pés “inmediatamente”, conta Luís cun sorriso tan amplo que lle rouba de vez setenta anos. Dentro, os xogos eran menos bravos: facían papaventos. O mestre levaba o papel, un pouco de corda e uns pauciños e explicáballes como se construía o invento. Tamén cantaban e aprendían de memoria as poesías. Aínda as saben, cada un na súa versión. Levantan o queixo e recitan, moi serios. A memoria, outra vez.

Un saboroso acio caíño / e un talizo de centeo / merendaba Xoana Arceo / no parral do seu muíño / Mariño que á súa beira / Xa deu máis voltas ca un veo / Prantado a un pau dun esteo / Dille en fala zalameira / Non me

dás un bago, Xoana / Vai de aí, vai, vaite de aí / Dábacho de boa gana / Mais pra vago abondas ti

Memoria e música, porque música había abondo. Recórdano, sentadas arredor dunha mesa de braseiro, Esther, Rosa e mais Chelo Rial. O irmán do mestre, Don Luís Taibo, así lle chaman, compuxera un himno galego que xa non é de Galicia, e o seu cuñado, un irmán de Dona Carmen, parece que era director de orquestra en Santiago. De aí lle viña a ela o gusto polo solfexo e boa parte do repertorio de música sacra que logo interpretaba no coro da igrexa parroquial. Don Victoriano non. El era máis ben de cantigas populares. Os domingos do verán, á calor da noitiña, Taibo tocaba a pandeireta para que as cativas bailasen na leira que hai a carón da casa onde agora remoen na memoria. E cantaba.

...eu teño un canciño / que beilla moi ben / e bota a muiñeira / na punta dun pé / e toca nas cunchas / un chascarraschás / e fai sete puntas / coas patas de atrás...

“O galego era unha teima del. Era galleguista. Era desas ideas que non se podía ser daquela, e era moi cerrado. Non admitía o contrario”, explica Clotilde, sentada diante dunha fiestra enorme en Vilaza. Era unha cativa cando Taibo vivía en Morgadáns. Unha boa alumna de Dona Carmen Valverde. Das mellores. Non perdía unha clase por nada do mundo. “El queríaime moito”, recorda. “Sempre estaba a chamar por min. Miña xoia, dicíame. Era un home intelixente, desas persoas que lle ves que teñen moito dentro. Creo que falaba comigo porque o atendía, e iso a el encantáballe. Iso si, se te distraías enfadábbase. O que el me dicía, eu obedecía. Mandábame facer as redaccións en galego. Ensinábame pronunciación. Aquí na aldea non se falaba ben. Había moita gheada e moito seseo. Insistíanos moito, sobre todo a unha asistente que tiñan na casa. Por que falas así, tan feo?, preguntáballe. Non digas ghuapo, muller. Di guapo”.


Da militancia política pouco se sabe. Nin Clotilde nin Severino nin Manolo nin Luís eran maiores abondo na altura para reparar no

asunto. Saben, si, que “o de Don Victoriano era o gallego” ou que tiña relación con Cribeiro, outro mestre represaliado na comarca. Obvio. Que era académico soubérono despois, na letra impresa, porque de certo que iso nos camiños non se falaba, e tampouco no adro da igrexa. Poeta si, claro, “e íntimo amigo de Castelao”, engade Severino co peito ben arriba. Disque mesmo o visitou na escola dunha vez que dera un mitin en Gondomar. E de Beiras, o oculista. E de Lino Davila, “que tamén era das ideas del”. Poeta porque sabía moito e ben e gardaba palabras que nunca sentiran dicir no lugar. Porque lles lía cousas, unhas del e outras non, a ver quen o sabe agora, e porque Manolo lémbrao a falar el só nos paseos, polos camiños adiante arrimando palabras, “que era o que facían os poetas daquela”. Amais, faltáballe tempo para amosarlle aos veciños os versos que lle publicaban.

Nos nadaís de Clotilde, cando tiña dez ou doce anos, as cativas adoitaban ir cantar panxoliñas polas casas. Facían un berce pequeno con paus, chantaban no medio un boneco a xeito de neno Xesús e ían polas parroquias a darlle homenaxe. Viva, viva el niño bonito. Viva, viva, nacido en Belén. Cantaban e tirábanlle flores. “A Don Victoriano non lle gustaba nada que a cantiga fose en *castellano* e fíxome unha en galego para min, para que lla cantase ao neno”, recorda. “Mandábame subir á súa casa a ensaiar. Así un día e outro até que aprendese. Eu non sabía nada de declamación”.

*...toma este ramo de flores / que nacido da
nai terra / floreceron para ti / collidas por nós /
e benditas por dios / todas para ti...*

Cos curas era un pouco atravesado, ou talvez sexan os recordos dos cativos os que arman o trasacordo. De misa diaria non era Don Victoriano, iso seguro, pero ao que parece asistía ás comuñóns e ás cerimoniais solemnes. Ás impares, vaia. Carmen, a súa dona, estaba no coro da parroquia, moi dedicada ademais, e parece que tampouco non o amolaba ese conto. Non lles falaba mal da relixión aos cativos, e disque cando recibiu orde de poñer o crucifixo fóra da escola, non se sabe moi ben se no tempo da República ou máis logo, el gouse.



► casa escola de Guillufe

Cambiouno de parede e deixouno estar atrás dunha contra. Outra cousa é que se entendese cos curas. Ou con todos os curas de Gondomar.

Con Don Manuel de Lama, o párroco de Morgadáns, tiña moita relación. Seica se levaban ben. Dende logo, se é certo que foi el un dos que reclamou o seu regreso a Morgadáns dende o desterro *castellano*, debía ser certo que lle tiña lei ao mestre. Con Cabaleiro, tamén Don Manuel, era outra historia. Polo que conta Severino, ao cura de Peitieiros non lle debían facer nin chisca de graza as veleidades políticas do poeta, e tampouco non o disimulaba en público. “Recordo unha vez que estabamos no adro da igrexa para ir á misa solemne e Don Victoriano tiña debaixo do brazo. Entón o cura chegou, foille por detrás e guindoullo ao chan. Tira esta porquería al suelo!, berroulle. Amigo, con iso a Don Victoriano non, con iso non!



[José Luís Alonso]

▶ Esther Pérez

Recolleuno e púxose coma unha furia. Este es el mejor periódico que hay!, contestoulle. Case chegan ás mans”.

Se serve de algo, os recordos coinciden. Manolo, Esther, Rosa, Chelo, Luís. Todos teñen o episodio na memoria. E Clotilde, que xa non lle tiña moito aprecio a Cabaleiro, “un borde, un cura destes que queren mandar en todo, destes do Concilio de Trento que aínda pensaban que a muller non tiña alma”, é aínda máis gráfica no relato daquela tarde. Ou sería de mañá? O caso é que “Don Victoriano se puxo tan nervioso que non era quen de soltar o periódico. Estaba descomposto, pálido coma un defunto, pero co periódico debaixo do brazo. Acórdome perfectamente, e iso que era só unha nena. Menos mal que axiña se meteron os de alí de Morgadáns para separalos porque xa se ían agarrar. Logo el estivera mal. Tivera cólico a consecuencia da liorta. Eu que sei. Era sabido que Taibo e Cabaleiro eran dúas pedras vivas que non facían fariña. Eu era de Don Victoriano, claro. Ao outro tíñalle moita rabia. A muller e a ovella, co día para a cortella, dicía sempre. E ben que lle gustaban a el as mulleres”, deita contra o final.

A Victoriano Taibo desterrárono, e por iso este sarillo de recordos, esta ficción. A coartada para todo isto. Se é polos testemuños, non se sabe moi ben o motivo. Por cousa de política, claro, pero iso é demasiado vago mesmo para unha ficción coma esta. Severino pon a un lado o vello caderno que trouxo con el e arrisca:

talvez foi polo do cura de Peitieiros, ou se cadra foi por aquela outra lea, tamén diante da igrexa, antes dunha misa. Xa empezara a guerra. “Un día estaba el alí con nós e veu un fulano de por aquí, un chalado que volvera da guerra porque o mancaran ou algo así, e mandounos formar para entrar na igrexa. E claro, Don Victoriano que non. Lárguese de aquí! En mis chicos mando yo y sólo yo! Non pasou nada, pero se cadra aquel xuntouse despois con outros dous ou tres e puxéronlle unha denuncia. O caso é que o castigaron”.

...sumar, restar; multiplicar, dividir, con enteros y decimales, regla de tres, interés simple y compuesto, repartimientos proporcionales, descuento, compañía...

Represaliado, depurado ou castigado, escollen eles, o desterro non lle chegou a Taibo co levantamento dos nacionais contra o goberno da República. Non foi inmediato. Segundo o calendario que Severino leva na cabeza, tivo que ser a finais do ano 37, non antes. Cando a conquista de Málaga aínda estaba alí, porfía, porque na escola se facía o relato da guerra e o de Málaga contóullelo el. Asturias, Segovia, e logo Málaga. De certo. Despois marchou. Mandárono a unha escola en Villalar de los Comuneros, en Valladolid, onde a Batalla de Villalar, burguesa ou antiseñorial, como queiran, iso non vén ao caso, non vaia ser que o pensemos un minuto e haxa que cambiarlle tamén o alcume ao dos nosos irmandiños. Mellor non tocalo. Villalar de los Comuneros e punto. Para Castilla y León, un lugar fundacional. Para Esther, que no tempo servía na casa deles, un sitio terrible. Un inferno. Sábeo polas cartas de Dona Carmen, que el non escribía cartas. “Era un sitio malo. No inverno, todo era neve, e no verán non había unha sombra. Botaban días sen poder saír da casa e nin leña tiñan para quentar a casa. Pasárono mal, moi mal”.

“El foi afundido para alá”, recorda Clotilde. “Foi un golpe terrible. Gustáballe vivir en Morgadáns, e vivía ben. Non era tampouco daqueles mestres que morrían coa fame”. Aos fillos deixáronos un tempo en Galicia, por prudencia. Nos anos que botaron aló, dous ou tres, depende, na vila acháronos en menos. Aos

dous. Esther e Rosa, máis á muller, porque convivían decotío con ela. Pasaban a tarde xuntas. “Ela bordaba, e sabía coser moi ben”. E tamén cantaban xuntas na igrexa. Dona Carmen tocaba o órgano e cantaba. A el botárono a faltar máis os rapaces, sobre todo na escola. Luís estima que na ausencia de Taibo pasaron por Gonda oito ou dez mestres, ningún coma Don Victoriano, pero Manolo Chamadoira non recorda tantos. “Viñeron algúns interinos”, reconece, “pero non se sabía se eran mestres ou o que eran. Era outra época. Don Julio, por exemplo, era un debuxante estupendo, pero de ensinar non sabía nada de nada”.

Co tempo, algúns veciños reclamaron a volta do mestre a Morgadáns e Victoriano Taibo recuperou a escola de Gonda. Polo camiño, mudaran algunhas cousas. Os alumnos tiñan que formar antes de entrar na clase. Facían instrución na estrada que pasa por diante. Media hora diaria, máis ou menos. Firmes! Derecha! Izquierda! Derecha! Cubrirse! E o galego acabárase, sobre todo na escola. Todo era *castellano*. E curas, sobre todo curas. O primeiro día do curso de 1939 os cativos madrugaron, foron á igrexa todos xuntos, presentáronse ao párroco e levaron a imaxe de Xesús Cristo até o colexio das nenas. Era un día fermoso nun país fermoso e nacional. Diso non hai dúbida posible. Non é cousa da memoria. Está escrito na primeira folla do vello caderno que Severino Chamadoira trae na man e aperta durante toda a conversa. O primeiro de setembro de 1939, Don Victoriano mandoulles facer aos alumnos unha redacción. Un día fermoso nun país nacional.

...anda un can doente por eses ruiros / e tráeno as meigas, non só para correlo / a mesma estadea vén do seu feitizo / un moucho agoirando nas mortes viciñas / Naiciña, que noite, que medo, filliña / teu pai no muíño, meu fillo na vila / e o can nos camiños trabando a quen pillá / Se teu pai volve e meu fillo salva / imos en romaxe á Virxe da Barca / E tal non dixeron, cheas de esperanza / xa pasou o moucho coa súa triste cántiga / Fuxiron tronantes, viron noite clara / e cando xa a filla e a nai non choraban / sin que as



► Chelo Rial

*meigas viran nin can lles trabara / sin males
no corpo nin medos na alma / chegaron á
porta os homes da casa...*

Talvez as cousas non acontecesen así. A letra impresa di que Taibo non volveu para Morgadáns até 1942, que non estaba na parroquia aquela mañá de 1939 nin lle mandou a Severino facer redacción ningunha. A memoria, outra vez. O relato miope. Pasa a miúdo, e ás veces un nunca chega a saber como foron en realidade as cousas. Se cadra, o mozo que tiña a rapaza que servía na casa de Taibo nunca descubriu que aquel longo poema de amor non era dela. As palabras débéronlle facer moito ben en África, “en la lucha contra el musulmán traidor”, malia a que fose Don Victoriano quen estaba atrás daqueles versos e non a súa querida. Aínda que fose un mestre da escola con xenio “la mora que te enamora, que te mata y embelesa”. As cousas, ás veces, son así. A Dinito Barral, por exemplo, á parte de non ter picadura para fumar, próialle ben non ter algún documento que o identificase con xeito, e confesoullo a Taibo. Daquela, amais de enlearlle un par de cigarros para o camiño, o mestre díxolle que non se preocupase, que o deixase da súa man, que el era home instruído e lle había conseguir o documento. De alí a pouco, mandouno chamar para lle entregar un diploma. Alí poñíao ben claro: Dinito Barral, campañeiro de Peitieiros, titulado en Pontevedra. Punto. Marchou contento e nunca máis preguntou polo asunto nin soubo que todo era inventado.



Logo de volver de Villalar de los Comuneros, Victoriano Taibo aínda botou uns anos en Morgadáns a arrandear entre a vella escola de Gonda e a máis nova de Guillufe, que construíran os emigrados do Uruguai. Unión de Fillos de Morgadáns chamábase. Logo foise para Vigo e os seus rapaces medraron. Foi perdendo o contacto. A Clotilde, por exemplo, viuna apenas cando casou, na voda, antes de ela marchar para Pontevedra. Aos outros, só cando volvía de visita a Gondomar. Menos a Severino. Con el si que mantivo relación. O maior dos Chamadoiras, para evitar que os fillos lle marchasen para América, comprara un bar en Vigo, na rúa Hospital, detrás da caixa de aforros. Comíanlle alí moitos obreiros. Íalle ben pero traballaba moito. Con todo, contra as oito podía coller unhas horas e descansar. Citábase co vello mestre e ía botar unha fala pola alameda.

Aínda que a Severino o examinara de bacharelato aquel Nolete que xogara no Celta, non falaban de fútbol. De política tampouco. Nin de actualidade. O que lle prestaba a Taibo era falar de Morgadáns. Da aldea. Dos Rotilios, que emigraran. Do ben que se vivía alí. Da escola de

Gonda. Do cura aquel de Peitieiros que tanto o amolaba. Do Joaquín de Vilas, un rapazote que se tirara en marcha dende un camión ategado de piñeiros, cando os camións andaban a leña, e case se esgana no salto. Do susto que levará. De como chamou pola finada Dona Carmen para que viñese atender ao neno. Cousas que aconteceran antes do primeiro de setembro de 1939. Cousas das que non falaran antes. Dos cadernos que desapareceran, por exemplo. Onde foron parar os cadernos, Don Victoriano? A ti que che parece, Severinito, a ti que che parece... Queimáraas todas. Alá foran as leccións en galego e as cantigas e os exercicios de álgebra. Non deixara un remol. Só na memoria da xente. Confesoullo aquel día. Ao final, ao maxisterio de Taibo en Morgadáns pasoulle o que á cerdeira que había a carón da escola. José Cacho aínda a recorda. Era un cativo daquela e agora xa ten 74 anos, por certo, pero aínda se lembra dela. Coma se fose onte. Tiña unhas cereixas grandes, moi grandes, e cando era o tempo contaba os días para poder comer nelas. O malo é que nunca estaban boas de todo. Coma os cadernos de Don Victoriano, as cereixas de Gonda caían antes de madurecer. ■